



CIRCULAR INFORMATIVA 29-09-2017

Estimados pais/nais/titores/as:

Queremos darlles a coñecer aspectos relativos á organización e funcionamento:

HORARIO DE SECRETARÍA: días lectivos de 09:15 a 14:15 h.

ENTRADAS E SAÍDAS DO ALUMNADO.

Para evitar situacións de perigo, utilicen as beirarrúas. A estrada é só para o uso de vehículos autorizados (transporte escolar e persoal do centro).

Tamén queremos lembrarlles que soamente nas xornadas de portas abertas - se informará das mesmas - os pais/nais poden acceder aos corredores e ás aulas. Para calquera consulta deben dirixirse á secretaría.

Coa intención de aumentar a responsabilidade dos nenos/as, pregamos abstéñanse de traer á secretaría bocadillo, tenis, libretas... Os rapaces/as son os que teñen que levalos na súa mochila.

Está restrinxida a entrada de vehículos ao centro, só pode acceder aos aparcadoiros de abaixo e de arriba o persoal autorizado. Coincidindo coas entradas e saídas está aberta a porta que comunica cos pavillóns onde sí hai aparcadoiro público.

Horario de apertura e peche da porta peonil:

- Pola mañá de 8:00 a 9:25 h. ▪ Pola tarde de 13:55 a 18:15 h.

Pasados 10 minutos da hora de entrada (09:25h.), os alumnos/as co familiar, dirixiranse á secretaría desde onde irán ás súas respectivas aulas. Os titores/as rexistrarán o retraso e recollerán o correspondente xustificante.

Recomendamos, na medida do posible, que recollan aos alumnos/as coincidindo cos cambios de clase. O horario das sesións está exposto no taboleiro da entrada.

ACTIVIDADES DA TARDE:

Segundo a circular da ANPA, as actividades comezan en outubro para o alumnado anotado. Tamén poden facerse socios da ANPA.

AVISOS:

- Os días 04 e 05 de outubro realizaremos a inauguración da **BIBLIOTECA** co alumnado de Ed. Infantil e Ed. Primaria.
- O día 06 de outubro celebraremos a **FESTA** do inicio do proxecto coa realización de "obraoiros de pintura" -para o alumnado- e a "Carreira de cores" (holi run) que rematará cunha carreira final de profes e pais/nais na que estades convidados a participar. Animádevos!
- Realizaremos recollida de roupa e calzado usados o 4 e 18 de outubro. Poden trelo en bolsas uns días antes.
- Lembramos que non está permitido o uso de móbiles polo alumnado.
- Para os obraoiros, **agradecemos a súa colaboración enviando**, polo alumnado, o seguinte material reciclado e natural: bandexas poliespán, tubos de cartón de pael hixiénico ou de cociña, caixa de zapatos, bolis bellos, esponxas, follas de diferentes árbores, carozos, cocas...

Un saúdo e bo curso para todas e todos.

A DIRECCIÓN